

**Para unha historia do rosalianismo:
Rosalía en Gerald Brenan**

Aurora López López

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LÓPEZ LÓPEZ, AURORA (2012 [1986]). “Para unha historia do rosalianismo: Rosalía en Gerald Brenan”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 299-306. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2282>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LÓPEZ LÓPEZ, AURORA (1986). “Para unha historia do rosalianismo: Rosalía en Gerald Brenan”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 299-306.

- * Edición dispoñíbel desde o 8 de agosto de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

PARA UNHA HISTORIA DO ROSALIANISMO: ROSALÍA EN GERALD BRENAN

AURORA LÓPEZ LÓPEZ

Universidade de Granada

Unha das leccións que nos deu a experiencia da recolleita bibliográfica, ordeación e lectura de varios centos de estudos tocante a Rosalía de Castro de cara á preparación da obra *Rosalía de Castro. Documentación biográfica e bibliográfica crítica (1863-1984)*, na que dende hai tempo vimos traballando en colaboración cos Profesores Baltar Veloso (Santiago) e Pociña Pérez (Granada), é a insistencia, case teimosía, no asunto da aparición da poetisa padronesa na obra de escritores de toda clase, sexan literatos ou investigadores da literatura, co gallo de achegármonos a unha especie de historia do rosalianismo, entendido como a difusión progresiva, e merecidísima, da obra da poetisa, primeiro no ámbito da Península, e despois en América e Europa.

Neste senso, é tópico xa amolecido o falar de Rosalía nun Azorín, nun Unamuno, nun Jiménez, nun García Lorca, etc., ou da súa ausencia nas escolmas de Juan Valera ou Menéndez y Pelayo, tema por todos coñecido, dende que o prantexara en 1913 Azorín (1), pero que segue repetíndose con teima coma se fose grande novidade.

Tocante ós estranxeiros, entendendo aquí como tales só aqueles que escriben en linguas distintas da galega e da castelán, por veces dá a impresión de que nos empuxa algo así coma un certo complexo de aldeanidade, que nos obriga a prestarlle maior atención, e a citar ás veces sen vir a conto, a todo canto se ten publicado sobre Rosalía en lingua foránea, amiúdo sen consultalo sequera. Certamente, Rosalía xa ten sido obxecto de estudo por parte de hispanistas non hispanófonos, que teñen obras que mereceron algunha vez seren traducidas ó español, en libros e artigos de calidade e mérito moi desemellante, coma son os de S.G. Morley (1927) (2), I.L. McClelland (1939) (3), M.P. Tirrell (1951) (4), A. Machado da Rosa (1954, 1957) (5), P. van

(1) En *Clásicos y modernos*, Renacimiento, Madrid, 1913. Pódese ver agora no precioso libríño: Azorín, *Rosalía de Castro y otros motivos gallegos*, Recopilación, prólogo y notas de Xesús Alonso Montero, Celta, Lugo, 1973, pp. 21-27.

(2) Rosalía de Castro, *Beside the river Sar. En las orillas del Sar*, Translated from the Castilian, with annotations and a preface by Sylvanus Griswold Morley, University of California Press, Berkeley, 1937.

(3) I.L. McClelland, "Bécquer, Rubén Darío and Rosalía Castro", *Bulletin of Spanish Studies* 16 (1939), pp. 63-83.

(4) Sister Mary Pierre Tirrell, *La mística de la saudade. Estudio de la poesía de Rosalía de Castro*. Prólogo de Joaquín de Entrambasaguas, Jura, Madrid, 1951.

(5) Alberto Machado da Rosa. "Rosalía de Castro, poeta incomprendido", *Revista Hispá-*

Bever (1955) (6), M. Pinna (1957, 1958) (7), D. Briesemeister (1959) (8), D. Rogers (1966) (9), E. Bosi (1968) (10), K.K. Kulp (1968, 1977) (11), C. Poullain (1970, 1974, 1980) (12), R.G. Harvard (1974) (13), C. Davies (1983) (14), etc. Obras hai entre éstas que compre citar unha e outra vez, e na nosa *Bibliografía* en preparaci3n esperamos facerlles xusticia; outras, emporiso, caen na morea dos traballos sobre Rosalía que engaden pouco ou nada ó seu coñecemento, pero que semella que hai que citalas só por eso, por seren estranxeiras. Para poñer un exemplo senlleiro: ¿que significa atopar nas bibliografías un cento de veces a cita do libro de Pilade Mazzei, *Due anime dolenti: Bécquer e Rosalía* (15), do que non existe máis que un só exemplar que, por canto sabemos, tan só o puideron ler Mario Pinna e Ricardo Carballo Calero (16)?

Nembargantes, non é lugar de referencia usual, nin moito menos, un primoroso estudio acerca da poetisa, moi accesible, é dicir, o debido ó gran hispanista anglo-andaluz, nacido en Malta en 1894, Gerald Brenan; estudio aparecido nunha obra que remonta nada menos que ó ano 1951, o libro *The Literature of the Spanish People*, saído do prelo da Universidade de Cambridge, e que tivo e segue tendo enorme difusi3n (17).

nica Moderna 20 (1954), pp. 181-223; "Subsidios para la cronología de la obra poética rosaliana", *Cuadernos de Estudios Gallegos* 12 (1957), pp. 92-106.

(6) Pierre van Bever, "Rosalía Castro et la poésie espagnole moderne", *Rivista di Letterature Moderne* 5 (1955), pp. 104-108.

(7) Mario Pinna, "Motivi della lirica di Rosalía de Castro", *Quaderni Ibero-Americani* 3 (1957), pp. 321-332; Rosalía de Castro, *Poesie scelte*, a cura di Mario Pinna, Sansoni, Firenze, 1958.

(8) Dietrich Briesemeister, *Die Dichtung der Rosalía de Castro*, Tesis de München, 1959.

(9) Douglas Rogers, "Bécquer, Rosalía y Machado, buccadores de sombras", *Insula* 241 (1966), pp. 1 y 12.

(10) Ecléa Bossi, "Valle-Inclán e Rosalía", *Grial* 6 (1968), pp. 125-127.

(11) Kathleen K. Kulp, *Manner and Mood in Rosalía de Castro. A Study of Themes and Style*, Ed. José Porrúa, Madrid, 1968; *Rosalía de Castro*, C.K. Hall & Co., Boston, 1977.

(12) Claude Henri Poullain, "Valor y sentido de la novela de Rosalía Castro de Murguía, 'El caballero de las botas azules'", *Cuadernos de Estudios Gallegos* 25 (1970), pp. 37-69; *Rosalía de Castro y su obra*, Editora Nacional, Madrid, 1974 (igual al volumen *Rosalía Castro de Murguía y su obra literaria (1836-1885)*, que difiere del anterior tan sólo en el título y en la portada); "Doble perspectiva de Rosalía:", *Grial* 18 (1980), pp. 415-424; "¿Fue Rosalía Castro una escritora femenina?", *Hommage a Lean-Louis Fleckiakoska*, Université Paul Valéry, Montpellier, 1980, vol. II, pp. 305-319.

(13) Robert G. Harvard, "Image and persona in Rosalía de Castro's *En las orillas del Sar*", *Hispanic Review* 42 (1974), pp. 393-411.

(14) Catherine Davies, "A importancia de 'Cantares gallegos': libro de tradición e innovación", *Grial* 21 (1983), pp. 443-452; "Rosalía de Castro, Criticism 1950-1980: the Need for a New Approach", *Bulletin of Spanish Studies* 61 (1983), pp. 211-220.

(15) Milano, 1936.

(16) Cfr. Ricardo Carballo Calero, "Rosalía en Italia. Un texto crítico de 1885", *Cuadernos de Estudios Gallegos* 14 (1959), pp. 349-353 (tamén, en versión galega, en *Estudios rosalianos. Aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro*, Galaxia, Vigo, 1979, pp. 166-170).

(17) En efecto, as edicións inglesas son, ata 1976: primeira edición, 1951; segunda edición,

A referencia ó estudio de Brenan, que fora en ocasións moito máis proveitosa ca outras varias citas bibliográficas sen outra xustificación que a fachenda de erudición, é totalmente extraña nos traballos sobre Rosalía. Soamente en nota ó pé de páxina atópase dúas veces, así como na correspondente cita bibliográfica, na monumental e documentadísima *Historia da literatura galega contemporánea* de Ricardo Carballo Calero (18). Despois, cómpre chegar á interesante síntese bibliográfica de Catherine Davies, "Rosalía de Castro, Criticism 1950-1980: the Need for a New Approach", publicada en 1983 (19), para achar un investigador que faga xusticia á contribución de Brenan, ó presentalo como pioneiro na consideración de Rosalía perante o entorno social no cal viviu, aspecto do que só principiaron a se preocuparen os estudiosos da escritora pouco tempo hai.

Ora ben, a Rosalía que ofrece Brenan non é só interesante por ese aspecto que, con toda razón, sulíña Davies. Tamén é fundamental polo feito de ter sido unha das primeiras publicacións serias tocante a Rosalía en lingua inglesa, e ademais nun libro de enorme difusión, centos de veces superior á dos traballos publicados en revistas científicas; ou polo gran interés que a Rosalía lle otorga Brenan no conxunto dos escritores de tódolos tempos que se expresaron nas distintas linguas de España; ou, en fin, pola curiosidade e riqueza das opinións que a propósito da padronesa fai Brenan, ás veces de modo enteiramente persoal, pero que amosan a increíble sagacidade e senso literario dese curioso e feiticeiro vello inglés, namorado de España, que desembarca na Coruña no remate de setembro de 1919, para vivir dende aquela en Andalucía (con algunhas estancias en Inglaterra, Francia, Italia, Estados Unidos, Marrocos, Grecia, etc.), onde pasa a súa xa nonaxenaria vellez, recolleito na súa casa de Alhaurín el Grande, na provincia de Málaga (20).

The Literature of the Spanish People é un manual de case cincocentas páxinas (21), e o seu título non é equívoco, xa que se ocupa non só da literatura escrita en castelán, senón da literatura dos pobos de España, adicando un primeiro capítulo ó período romano e visigótico, outros ó período árabe, e, xa na época moderna, abranguendo as poesías galega e catalana do século XIX (22). Trátase, xa que logo, dunha

1953; reimpresións en 1962, 1965, 1970; primeira edición "paperback" en 1976. Ademais, en 1958 publica a Editorial Losada de Buenos Aires a primeira tradución española, feita por Miguel de Amilibia, co título bastante inexacto *Historia de la Literatura Española*.

(18) Edición do ano 1975 (Galaxia, Vigo), pp. 169, 185, 787.

(19) *Bulletin of Hispanic Studies* 61 (1983), pp. 211-220.

(20) A maioría dos datos tocantes a apaixonante figura de Gerald Brenan están collidos do libro do noso querido amigo e compañeiro Juan Antonio Díaz López, Profesor de Filoloxía Inglesa da Universidade de Granada, *Geral Brenan, un hispanista anglo-andaluz*, que seguramente se atopar na librerías cando aparezan estas páxinas. Quero agradecerlle publicamente o terme deixado empregar a ríca documentación contida no seu manuscrito, ó cal deben moitísimo as miñas apreciacións a propósito de Brenan.

(21) Empregamo-la edición "paperback", Cambridge, 1976, á cal deben referirse os lugares que citamos.

(22) Nembargantes, dita inclusión é máis programática que real, xa que o fenómeno da Renaiñença só é tocado en media páxina (p. 364), cunha referencia a Jacint Verdaguer, Joan Ma-

toma de postura moi interesante de cará ó fenómeno literario peninsular, que Brenan xustifica en varias pasaxes (23).

A carón da media páxina adica ós poetas da Renaixença catalana, a poesía galega moderna é tratada en doce páxinas (pp. 350-361), das cales nove adícanse a Rosalía de Castro, a quen chama sempre Rosalía Castro (pp. 350-358), tres a Eduardo Pondal (pp. 359-361), e un curto parágrafo de oito liñas a Manuel Curros Enríquez (p. 361). Pondo aparte o tratamento tan marxinal de Curros, os outros dous grandes poetas do Rexurdimento saen especialmente ben tratados, como se nota mesmo na extensión que se lles asina: deste modo, Rosalía con nove páxinas, vai a continuación de Bécquer, que ocupa seis (pp. 344-349), feito que nos pode parecer totalmente xusto e normal a nós, pero que emporiso non é o habitual nas historias da literatura feitas por españoles.

Imos ver agora, en breve síntese, o tratamento de Rosalía no libro de Brenan:

Unha vez pechado o estudio de Bécquer, Brenan representa á poetisa cunha pasaxe e unha nota verbo da lingua galega que non teñen desperdicio, polo que moitos poderían aprender neles. Reproducimos, xa que logo, literalmente o primeiro deles:

“O outro poeta deste período cuio renome acreceu sen parar dende seu pasamento é Rosalía Castro. Ela tamén viviu unha vida de pobreza, mágoa e desengano. Mais seu verso ten un extraordinario engado lírico e musical e, si houbera escrito en castelán en troques de en seu dialecto galego natal, tería sido recoñecida, eu estou seguro, como a máis grande poeta muller dos tempos modernos” (24).

Segue unha rápida biografía de Rosalía, cos datos fundamentais: nacemento e nenez, deica os 19 anos. Viaxe a Madrid en 1856. Sufrimento saudoso en Madrid e Castela. Casamento con Manuel Murguía. Fillos. Doenzas. Morte.

Deste parágrafo, dunha brevidade exemplar, que presenta os feitos precisos para a comprensión da poética rosaliana, quizais cómpre destacar dous anacos. En lugar primeiro, o retrato de Rosalía ó chegar a Madrid: “a tall buxom girl with a large

ragail e Josep Carner, concluindo ca imposibilidade de abranxe-lo tema, porque “Modern Catalan literature requires a separate volume”.

(23) Cfr. *The Literature...*, pp. XII-XIII: “Another purpose that this book is intended to serve is that of a history of the literature written by Spaniard. Literary history is, in one respect, merely a branch of a total history that includes in its various departments political history, social history and the history of art. With this in mind I have taken any opportunities that seemed to be offered for showing in what way Spanish literary works are to be regarded as an expression of the national spirit in successive ages and, incidentally, to use this for throwing light on the character of the Spanish people —supposing, that is, that peoples really have a continous character.

(24) *The Literature...*, p. 349 s. A nota que leva esta pasaxe, anque chea de inexactitudes, é un precioso incitamento a ler a poesía galega na lingua orixinal, e neste senso hai que interpretar: “Galician, or *Galego*, is to all intents and purposes the same language as medieval Portuguese, with a certain number of Castilian words added. Any one who knows Spanish and devotes an hour or two to a Portuguese grammar can read in with fair proficiency, though naturally a Galician-Spanish dictionary is necessary for complete understanding.

mouth, thick chesnut hair and dark luminous eyes" (25), esto é, "unha moza alta e repoluda, con espeso cabelo castaño e lumeantes ollos mouros"; o retrato fai lembrar-la descripción de Rosalía por García Martí" "Alta, no muy delgada, pelo castaño abundante, más mujer por el cuerpo y el desarrollo físico que por la edad, parecía concentrar en los ojos, oscuros y profundos, el anhelo de un espíritu soñador con una vaga melancolía" (26). E, dende logo, este dato lévanos ás fontes de Brenan, que achamos despois nunha curta bibliografía, onde di: "As obras completas de Rosalía Castro, verso e prosa, con unha biografía por García Martí, están na edición de Aguilar. Contén un glosario. Hai tamén unha boa selección na Col. Aus." (27). Pero en canto ás fontes de Brenan falaremos máis adiante.

O outro aspecto a suliñar é o das relacións con Murguía; neste senso, Brenan non se plantexa, nin soamete a discusión, o debatido problema, verbo do cal lamentablemente só di que o casamento de Rosalía "foi unha elección desafortunada, pois, inda que Murguía era galego, era tamén un resentido que, por envexa do talento dela, ou por outras razóns, maltratába-a" (28). Neste caso a fonte é dubidosa, xa que, das dúas citadas, Cortina non toca o tema, e García Martí, no Cap. XIII (29) non chega a esa conclusión tan nitidamente negativa; non sabemos, xa que logo, se Brenan escribe por dedución persoal a partir das obras de Rosalía. Lástima, nembargantes, que non deixara nin un albisco de dúbida, un "perhaps", neste libro no que milleiros de ingleses verán por única vez unha referencia a Manuel Murguía.

Ven a continuación o estudio de *Cantares Gallegos*. Carácter popular, Estructura métrica. Tono dos poemas, en relación coas cantigas de amigo. Un exemplo: *Campanas de Bastabales*, amosando ó refrán e dezaoto versos na versión orixinal galega e maila traducción inglesa en prosa. Comentario de *Airiños, airiños, aires*, segundo Brenan "the most wonderful example" (30); a este, di o noso hispanista, "débelle muito" o *Romanceiro gitano* de García Lorca (31). Ven logo unha selección de títulos de, en palabras de Brenan, "unha media ducia de poemas de mérito case igual": trátase de *Nasín cand'as prantas nascen, Adiós ríos, adiós fontes, Cantan os galos pr'o día, Como chove miudiño, Campanas de Bastabales*. Os títulos aparecen así, en galego, insertados no orixinal inglés. Por certo, a grafía que amosan suxire que o texto

(25) *The Literature...*, p. 350.

(26) Victoriano García Martí, *Rosalía de Castro o el dolor de vivir*, en Rosalía de Castro, *Obras completas*, Aguilar, Madrid, ed. de 1977, p. XL.

(27) *The Literature...*, p. 485.

(28) *The Literature...*, pp. 350-351.

(29) Rosalía de Castro, *Obras completas*, cit., pp. CV-CIX.

(30) *The Literature...*, p. 353.

(31) *The Literature...*, p. 353: "In particular, the *Romanceiro gitano* of García Lorca, with its richly musical idiom, its continual repetitions and allusions to folk-poetry and to popular themes, owes much to it. Unfortunately it is too long for me to quote here". Cfr. o comentario de Ricardo Carballo Calero, *Historia da literatura galega contemporánea*, cit., p. 169, nota 10: "A comparanza de *Cantares gallegos* co *Romanceiro gitano* é axeitada e interesante; pero craro está que formulamos as máis fortes reservas sobre a influencia directa de que Brenan semella constatar".

empregado foi o da escolma publicada na col. Austral, na cal se inclúen con idéntica grafía tódolos títulos e fragmentos recollidos por Brenan.

A continuación analiza o libro *Follas Novas*. Cronoloxía. Carácter subxectivo e persoal da colección. Métrica. Segundo Brenan, "moitos destes poemas amosan un forte influxo de Bécquer" (32). Poemas melancólicos: lembra os títulos, sempre en galego, de *N-a Cratedal*, *Amigos vellos*, *Aquel romor de cántigas e risas*, e *Adiós*. Brenan comparte a teoría de dona Emilia Pardo Bazán conforme a cal Rosalía amosa especialmente as súas dotes líricas nas poesías onde toca temas do pobo, é dicir, nas de *Cantares gallegos* (33). Inclusión de dezanove versos, en galego, do adiós a Padrón, con tradución inglesa en verso.

Ven despois un comentario, máis curto, de *En las orillas del Sar*. Véxase a interesante conclusión de Brenan:

"Índa que contén algúns poemas de notar, un sinte que o seco, craro linguaxe de Castela non se adaptaba a ela tan ben coma o doce, aloumiñante idioma que tiña adprendido de nena. En galego é xeralmente cálida e tenra, en castelán sua friaxe e afastamento arrepián" (34).

Outros comentarios de Brenan: Rosalía por riba de todo como poeta da saudade, nomeada por Brenan en galego como *soidade*, *morriña*. Influxo do seu nacemento, mágoas posteriores, doenza dos últimos doce anos da súa vida, no conxunto da obra literaria.

Suliña logo Brenan as preocupacións sociais de Rosalía: os pobres, os emigrantes, os xornaleiros, segundo Brenan, "unha nota que non se ouvira na poesía española dende os tempos do Arcipreste de Hita" (35). Mais non é raro, xa que, continúa Brenan, "ela vivía nun círculo de xente que tiña grandes simpatías pola ala liberal e esquerdistista" (36), sinalando como testemuño a súa grande amizade con Eduardo Chao, ministro de Abastos da República Federal de 1873-1874.

Deica aquí, un breve resume do contido das páxinas rosalianas de Brenan, que, por suposto, non poden supli-la riqueza de contidos do orixinal. Lembremos agora algúns aspeustos peculiares:

Tocante ás fontes, sempre é problemática calquera conclusión, visto que, segundo contestaba Brenan a unha das preguntas da encuesta que lle fixo Juan Antonio

(32) *The Literature...*, p. 354.

(33) Esta pasaxe suscita o segundo comentario de Ricardo Carballo Calero a propósito de Brenan: "... Ista postura crítica, típica nos contemporáneos da nosa autora, ate chegar a sere tópicica, atópase aínda representada hoxe por algún historiador da literatura, como Gerald Brenan, que na súa *Literature of the Spanish people* escribe: "Eu coído que Emilia Pardo Bazán ten razón cando di que Rosalía revela os seus dons líricos na súa forma máis perfecta nos poemas baseados sobre de cantigas folklóricas". O xeral hoxe é, porén, estremar a postura oposta, que tende, non a subestimar, pero sí a esquecer os *Cantares*" (*Historia da lit. galega*, cit., p. 18', nota 2).

(34) *The Literature...*, p. 356.

(35) *The Literature...*, p. 357.

(36) *The Literature...*, p. 358: "But she lived in a circle of people who held extreme federal and left wing sympathies".

Díaz en 1979, o hispanista leu “varios milleiros de libros tocante á historia de España, á xeografía e á literatura” (37). De tódolos modos, a xulgar pola propia indicación que se atopa na “Bibliografía”, Brenan manexou a edición de Rosalía da Editorial Aguilar e a escolma da Col. Austral, como xa temos dito. Tódolos datos que se len en Brenan puido recollelos dos estudos de García Martí e de Augusto Cortina que introducen unha e outra edicións; así e todo, a recurrencia de suxeitos temáticos na bibliografía rosaliana de tódolos tempos fai que non se poida descarta-lo emprego dalgunha outra fonte: deste xeito, non sería extraño que Brenan consultara o Discurso de ingreso na Real Academia Española de Augusto González Besada, bastante espallado na súa dobre edición (38). Ora ben, non hai dúbida de que a maior parte das afirmacións de Brenan sácaas o propio hispanista dos poemas, maiormente os escritos en galego, polos que amosa unha simpatía especial. Ou, dito en dúas verbas, a información rosaliana de Brenan é de primeirísima man, e as súas conclusións teñen unha gran compoñente deductiva a carón dunha boa dose de intuición, intuición xenial, é certo, pero baseada nun coñecemento moi fondo das literaturas dos pobos de España.

Interesa tamén suliña-las comparacións e relacións que Brenan establece entre Rosalía e outros autores. Ademais de asinalar un forte influxo exercido polos *Cantares gallegos* no *Romancero gitano* de García Lorca e, en troques, o recibido de Bécquer para *Follas Novas*, a comparanza máis interesante é a de Rosalía coa obra de Thomas Hardy e William Barnes, inclinándose manifestamente pola nosa poetisa:

“Tan preto está da sensibilidade do pobo que, como dixo a súa paisana Emilia Pardo Bazán, ós vinte anos da aparición do seu libro, versos compostos por ela creíase que eran de orixen popular, mentras que outros, que eran xenuinamente populares, atribuíanselle á poetisa. Cando comparamos seus traballos cos de Thomas Hardy e William Barnes, que estaban tentando a mesma cras de cousas cuase polo mesmo tempo, podemos ver cómo da desabelencia destes poetas debeuse a eles non teren formas xenuinamente populares ou tradicións poéticas para escribir en elas” (39).

En troques, na comparanza con Burns, sae máis ben perdendo Rosalía segundo Brenan, en contra da vella opinión de González Besada (40).

Outro aspecto sobranceiro é, en fin, o sinalado por Catherine Davies ó cal xa fixemos referencia ó principio, e que imos lembrar nas verbas certeiras da profesora da Universidade de St. Andrews:

(37) Juan Antonio Díaz López, *Gerald Brenan, un hispanista anglo-andaluz*, en prensa.

(38) Así, na Biblioteca da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Granada hai desde antigo as dúas edicións: *Discursos leídos ante la Real Academia Española en la recepción pública del Excmo. Señor D. Augusto González Besada el día 7 de mayo de 1916*, Imprenta Clásica Española, Madrid, 1916; *Rosalía Castro. Notas biográficas*, Hispania, Madrid, s.a. (1916) (este último con firma autógrafa del autor, y fecha de su puño y letra “junio 24.1916.”

(39) *The Literature...*, p. 354.

(40) *The Literature...*, p. 358; con Robert Burns compárase a Rosalía no penúltimo parágrafo do Discurso de Augusto González Besada, anque, por clara errata de imprènta, nas dúas edicións devanditas escríbese “Roberto Burus, el escocés”, coa fácil confusión de u en troques de n.

“En data tan temporán coma 1951, Gerald Brenan fixo algunhas observacións mui importantes, que non acharon continuadores ata pouco fai. A amarga reacción de Rosalía contra a pobreza (di Brenan) pon unha nota nova na poesía española, unha nota non ouvida dende os días do Arcipreste de Hita. Mais eso non é sorprendente, pois “ela vivía nun círculo de xente que tiña grandes simpatías pola ala federal e esquerdista. Un de seus millores amigos, Eduardo Chao, era Ministro de Abastos na República Federal...” O tomar en conta o ambiente social de Rosalía, Brenan, case pola primeira vez, deulle senso ó contido social da súa obra” (41).

Para rematar, aínda pondo de parte a falla de imparcialidade á que puidese levarno-la nosa dobre condición de galega que vive en Granada, cidade a que Brenan adicou ese portento de libro que se chama *South from Granada* (1957), cremos de estricta xusticia reivindicar para as nove páxinas rosalianas de Gerald Brenan un posto de primeirísima orde nos estudos sobre Rosalía. Ó gran hispanista anglo-andaluz débese, de calquera forma, que poidan ler dous poemas de Rosalía, en galego, con estupenda tradución inglesa, e cun tratamento cabal pero cordial da poetisa, milleiros de lectores de fala inglesa, que doutro modo é fácil que ignorasen a existencia da nosa escritora, á cal Brenan chamou “the greatest woman poet of modern times”.

(41) Catherine Davies, art. cit., p. 217.